

ESQUEMA QUE SON AS RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Definición de relacións internacionais: vínculos que establecen os Estados entre eles. Poden ser:

1. Comerciais
2. Sociais (como as migracións).
3. Culturais (colaboración entre universidades).

Definición de embaixadas: delegación oficial dun Estado no territorio doutro.

Funcións das embaixadas:

1. Representar a España.
2. Protexer os intereses de España.
3. Asistencia consular aos cidadáns españois.
4. Informar sobre a actualidade política do país.
5. Fomentar as relacións económicas e comerciais bilaterais.
6. Fomentar as relacións culturais e científicas.

As relacións entre Estados desenvólvense mediante acordos:

1. Relacións bilaterais (afectan a dous países).
2. Organizacións internacionais.

Obxectivos: solucionar problemas comúns, evitar que xurdan conflitos e establecer programas de actuación conxunta.

Os **Estados** delegan algunhas funcións en organizacións internacionais. Estas poden ser:

- Segundo o seu ámbito territorial: amplo (ONU), restrinxido (UE).
- Segundo os seus obxectivos: Mercosur (ámbito económico). OTAN (defensa).

ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS (ONU)

- Créase en 1945 despois da Segunda Guerra Mundial.
- **Obxectivos fundamentais:** preservar a paz mundial e defender os dereitos humanos.
- É o principal fora de mediación de cooperación internacional.
- A ONU conta con organizacións vencelladas: **UNESCO, FAO, UNICEF, OMS.**

QUE SON AS ONG?

- **Definición:** organizacións non gubernamentais de carácter internacional e con fins humanitarios e sociais.
- **Exemplos:** Greenpeace, Cruz Vermella, Save The Children....